

ASUNTO: DECRETO USO PISTAS ATLETISMO NOVA NORMALIDADE

Por Decreto de Alcaldía de data 13 de marzo de 2020, dada a situación sanitaria na que nos atopábamos e, como complemento as medidas acordadas polo Goberno do Estado e pola Xunta de Galicia, dispúxose entre outras medidas que afectaban ó ámbito estritamente municipal, en relación coa crise sanitaria producida polo coronavirus COVID-19, o peche de Instalacións Deportivas Municipais, entre as que se atopaba a Pista de Atletismo Municipal Saleta Fernández López.

Por Decreto de Alcaldía do 20 de maio de 2020 dispúxose a reapertura da Pista Municipal de Atletismo con efectos do 25 de maio de 2020 tendo en conta as condicións establecidas na Orde/399/2020, do 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 1 do Plan para a transición cara unha nova normalidade.

A resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se da publicidade do acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionado polo COVID-19, unha vez superada a Fase III do Plan para a transición cara unha nova normalidade, no seu anexo "Medidas de Prevención 3.32" regula a apertura de parques e zonas deportivas de uso público ó aire libre entre as que se atopa a Pista de Atletismo Saleta Fernández López

Tendo en conta o anteriormente exposto e co fin de adaptar o funcionamento das Pistas Municipais de Atletismo á nova normativa autonómica, propónse a modificación das condicións de apertura establecidas no Decreto de Alcaldía do 20 de maio de 2020, entrando en vigor as que a continuación se relacionan:

1. Poderán acceder á instalación calquera cidadán que desexe realizar unha práctica deportiva, incluídos os deportistas de alto nivel, de alto rendemento, profesionais, federados, árbitros ou xuíces e persoal técnico federativo.
2. A actividade deportiva non requirirá a concertación de cita previa coa entidade xestora da instalación (Concello de Monforte), senón que poderá utilizarse de xeito libre.
A instalación abrirá de luns a venres non festivos entre as 9:00 e as 21:00 h.
3. Na instalación deportiva permitirase tanto a práctica de actividade física e deportiva federada como non federada.
4. A práctica de actividade física e deportiva, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, e ata un máximo de vinte e cinco persoas de forma simultánea.
5. Con carácter xeral, non se compartirá ningún material e, se isto non fose posible, garantirase a presenza de elementos de hixiene para o seu uso continuado.
6. Antes de entrar e ao saír da instalación, deberán limparse as mans con xel desinfectante dispoñible na instalación.
7. Os técnicos, monitores ou adestradores deberán manter a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros ou, na súa falta, utilizar máscara.





8. Utilizarase máscara durante o tempo de circulación entre espazos comúns e na entrada e saída á instalación, salvo que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal.
9. Para controlar os accesos delimitarase unha zona de entrada e unha zona de saída perfectamente diferenciadas.
10. Non se permite a utilización de baños nin vestiarios. Os deportistas deberán acceder coa roupa deportiva da casa.

Con base no anteriormente exposto, en virtude das atribucións que me confire o art. 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e no artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de administración local de Galicia, esta Alcaldía RESOLVE:

PRIMEIRO.-Dar conformidade ao informe do técnico municipal de deportes e proceder a modificación das condicións de apertura establecidas no Decreto de Alcaldía do 20 de maio de 2020, entrando en vigor as que a continuación se relacionan con efectos do día 18 de xuño do 2020:

1. Poderán acceder á instalación calquera cidadán que desexe realizar unha práctica deportiva, incluídos os deportistas de alto nivel, de alto rendemento, profesionais, federados, árbitros ou xuíces e persoal técnico federativo.
2. A actividade deportiva non requirirá a concertación de cita previa coa entidade xestora da instalación (Concello de Monforte), senón que poderá utilizarse de xeito libre.
3. A instalación abrirá de luns a venres non festivos entre as 9:00 e as 21:00 h.
4. Na instalación deportiva permitirase tanto a práctica de actividade física e deportiva federada como non federada.
5. A práctica de actividade física e deportiva, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, e ata un máximo de vinte e cinco persoas de forma simultánea.
6. Con carácter xeral, non se compartirá ningún material e, se isto non fose posible, garantirase a presenza de elementos de hixiene para o seu uso continuado.
7. Antes de entrar e ao saír da instalación, deberán limparse as mans con xel desinfectante dispoñible na instalación.
8. Os técnicos, monitores ou adestradores deberán manter a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros ou, na súa falta, utilizar máscara.
9. Utilizarase máscara durante o tempo de circulación entre espazos comúns e na entrada e saída á instalación, salvo que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal.
10. Para controlar os accesos delimitarase unha zona de entrada e unha zona de saída perfectamente diferenciadas.



FIRMAS Y FECHAS





11. Non se permite a utilización de baños nin vestiarios. Os deportistas deberán acceder coa roupa deportiva da casa.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente decreto ao técnico municipal de deportes e a publicación do mesmo na páxina web do Concello.

MONFORTE DE LEMOS, data da sinatura do Sr. Alcalde
Ordena e asina o Sr. Alcalde
Certifica e asina o Sr. Secretario



FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 17/06/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 17/06/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/06/2020 18:42:07

